

 <b>XUNTA DE GALICIA</b>	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL <b>CEIP PLURILINGÜE A CRISTINA</b> Rúa Eduardo Blanco Amor, s/n – 15100 Carballo (San Xoán) Teléfono 881 880 400 – Fax 881 880 402 <a href="http://www.edu.xunta.gal/centro/ceipacristina">http://www.edu.xunta.gal/centro/ceipacristina</a> correo e.: <a href="mailto:ceip.acristina@edu.xunta.es">ceip.acristina@edu.xunta.es</a>	
---	--	---

Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha das opcións descritas a continuación (para cubri-lo por sede electrónica, aparecen dúas guías como documentos adxuntos):

1.

**Cubrir a solicitude informaticamente e presentala asinada de xeito manual no centro:**

Para presentar a solicitude presencialmente no centro deberá entrara seleccionar a opción de menú "**Solicitudes --> Reserva --> Crear**". Deseguido aparecerá unha pantalla con lapelas na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, accederase á lapela "Confirmar solicitude". Nesta lapela poderá confirmar os datos que indicou premendo no botón "Confirmar" e poderá descargala para asinar e presentar no centro.

2.

**Cubrir a solicitude informaticamente e asinala en Sede Electrónica:**

Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder a admisionalumnado con usuario de Chave 365 ou con certificado dixital, para elo deberá premer na icona verde que se atopa arriba a dereita. Posteriormente deberá seleccionar a opción de menú "**Solicitudes --> Reserva --> Crear**". Deseguido aparecerá unha pantalla con lapelas na que ten que indicar os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, accederase á lapela "Confirmar solicitude". Nesta lapela poderá confirmar os datos que indicou premendo no botón "Confirmar" e posteriormente premendo no botón "Firmar e presentar en Sede Electrónica", poderá firmar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro, sempre que o proceso de firma remate correctamente.

**IMPORTANTE: Debe achegar**, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia o **anexo II bis dixitalizado (COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR)**, ultima páxina da solicitude que pode visualizar e descargar nesta aplicación).

Debe achegar escaneada toda a documentación pertinente á hora de presentar solicitude.

3.

**Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente no centro:**

Se non desexa cubrir a solicitude dixitalmente pode facelo de xeito manual descargando o formulario dos documentos adxuntos, cubrilos e presentalos firmados no centro. O venres 13 de xaneiro, cada alumno/a de 6º de EP levará impreso aos seus fogares unha copia do ANEXO I e ANEXO I bis. Unha vez cuberta, entregarlla ao titor/a ou a administración do centro educativo.